

A rexión berciana e os seus límites

Domingo, 02 de Decembro do 2007

OS LIMITES PERMEABLES DA REXIÓN BERCIANA

Por Xabier Lago Mestre, Presidente de Fala Ceibe do Bierzo. Os límites xeográficos do Bierzo son máis doados de recoñecer. Estamos arrodeados por serras montañosas que marcan os límites coas rexións veciñas (Castela, León, Asturias e Galiza). Pola outra banda, coñecemos ben os confíns do Bierzo nos distintos períodos históricos. Así, durante o antigo réxime -séculos XVI ao XVIII-, a provincia do Bierzo incluía tamén a xurisdición de Lucillo (na Somoza astorgana), a Cabreira Alta na gobernación da Cabreira e o norte de Valdeorras na merindade de Aguiar, mentres que restaban fóra os concellos de Laceda, Ribas do Sil de Arriba e de Abaixo (actuais municipios de Palacios e Páramos respectivamente). A posterior provincia de Vilafranca do Bierzo abrangía a comarca de Valdeorras, A Cabreira Baixa e os concellos de Páramo e Palacios, amais de terras extremas en Visuña, porto de Manzanal e Cruz de Ferro.

O pleno desenvolvemento do sistema capitalista na segunda metade do século XX supuxo a creación dunha área funcional do Bierzo que exerce a súa influencia económica sobre as comarcas veciñas, casos de Valdeorras, A Cabreira Baixa, Lacia e As Nogais luguesa. Os servizos que presta O Bierzo a eses territorios son: sanitarios, educativos, ferroviarios, comerciais, lecer e demais. Isto permítenos dicir que hai unha rexión funcional do Sil-Este que supera os límites xeográficos e históricos do Bierzo. Esta peculiar problemática xeográfica podería reforzar as relacións interterritoriais se se transforman as vías de comunicación de hoxe. Comentamos que a futura autoestrada do eixo transcantábrico uniría máis Lacia e O Bierzo, outro tanto supoñería a estrada entre Ponferrada e A Seabra zamorana a través da Cabreira, unha nova oportunidade de desenvolvemento socio-económico para esta montañosa e illada comarca estremeira. O mesmo acontecería coa proxectada autoestrada entre Monforte e Ponferrada. Esta última facilitaría máis as comunicacións entre O Bierzo e Valdeorras, e incluso coas comarcas de Quiroga, O Bolo e Trives tamén. É dicir a rexión do Bierzo-Sil Este abranguería unha área funcional máis ampla cá actual. O Bierzo pode facer de locomotora económica respecto de todo o espazo rexional visto. A presenza dun centro urbano forte, caso de Ponferrada, é fundamental para o desenvolvemento endógeno de todas as comarcas veciñas, capaz de evitar as excesivas dependencias doutros centros urbanos máis alonxados. Sempre será mellor certa dependencia económica e funcional dunha cidade media, teimamos en Ponferrada, que doutras urbes como A Coruña, Vigo, León ou Valladolid. Outra problemática interterritorial do Bierzo formula a necesidade de reforzar a protección medio-ambiental dos espazos naturais que compartimos con Galiza. Referímonos a Os Ancares, serras dos Cabalos e da Enciña da Lastra, as ribeiras do Sil, o Camín de Compostela, o Camín de inverno por Valdeorras, a Vía Nova romana que vai a Oporto, etcétera. Non resulta convinte a protección institucional destes espazos de xeito individualizado, pola Junta de Castela e León, Deputación leonesa, o Consello Comarcal berciano ou Xunta de Galiza, por mor dos atrancos que supoñen os límites interautonómicos. A dita protección medio-ambiental, así como a etnográfica ou cultural-lingüística, as vías de comunicación, a promoción turística estatal ou internacional e demais ámbitos precisan de políticas conxuntas entre Galiza e O Bierzo. Vemos pois como as relacións tradicionais entre as distintas comarcas do val do Sil-Este poden reforzarse aínda neste comezo do século XXI. Os límites históricos da provincia do Bierzo e os actuais da recoñecida legalmente, en 1991, como Comarca do Bierzo son superados xa pola capacidade de influencia funcional e socio-económica da nova rexión do Bierzo-Sil Este. Neste sentido cómpre establecer xa unhas relacións estratéxicas de futuro prioritarias con Galiza, capaces de articular un desenvolvemento sostenible, coordinado e articulado para toda esta ampla rexión.

O Bierzo, decembro de 2007.